


# IES RIBEIRA DO LOURO

---



## PROGRAMACIÓN DE RELIXIÓN EVANXÉLICA

**CURSO 2022/2023**

*PROFESOR:*

*Rubén Torres Campelo.*

## **ÍNDICE.**

---

1. INTRODUCCIÓN	4
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA O LONGO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	6
3. FINS E OBXECTIVOS DA ESO	9
4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	11
a) 2º ESO	
b) 4º ESO	
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA	22
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	25
7. CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN	26
a) 2ºESO	
b) 4º ESO	
c) CONTIDOS MÍNIMOS	
8. SISTEMA DE CUALIFICACIÓN	35

9. PLAN DE CONTINXENCIA. EDUCACIÓN A DISTANCIA OU SEMIPRESENCIAL.	36
10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRACTICA DOCENTE	38
11. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	39
12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A TOMAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS	40
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	41
14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS E PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES	42
15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC	43
16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA	44
17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR	45
18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	47

## **1. INTRODUCCIÓN.**

---

A través da Ensinanza Relixiosa Evanxélica, na Educación Secundaria Obrigatoria, preténdese ofrecer os alumnos e alumnas aqueles elementos que, baseados nos principios bíblicos, poidan axudarlles no seu desenrolo integral como persoas co propósito de adquirir unha madurez axeitada, autonomía e responsabilidade persoal.

Considerando a persoa coma un ser integral no que subsisten diferentes dimensións (biolóxica, psicolóxica, social e espiritual), faise necesaria unha formación que teña en conta todas elas. Nunha sociedade cada vez máis plural como a nosa cabe esperar a coexistencia de diversos criterios de pensamento e acción, nun clima de liberdade e diálogo. É por isto que, considerando as características dos alumnos desta etapa, a Ensinanza Relixiosa Evanxélica pretende ofrecer unha formación integral facendo fincapé na dimensión espiritual.

No Ribeira do Louro, a Ensinanza Relixiosa Evanxélica atopase cun proceso de implantación que goza dunha situación de normalidade que estimamos altamente positiva. Esta situación vese reflectida dende o momento no que un alumno ou alumna fai a súa matrícula no Centro, xa que á hora de escoller entre as diferentes opcións, atopamos a opción de Ensinanza Relixiosa Evanxélica en consonancia co que establece a lexislación vixente.

Sen dúbida, os centros educativos deben ser un reflexo da pluralidade cultural na que se atopan. Este centro -e cada vez máis na nosa comunidade- dan un paso máis cara a interculturalidade, no momento no que non só se recoñecen diferentes culturas, senón que tamén se fomenta a interacción cultural a todos os niveis. O feito de que a Ensinanza Evanxélica sexa unha opción máis, deixa a un lado toda susceptibilidade no que se refire ó feito relixioso diferencial no que cohabitan os cidadáns galegos dende hai case 150 anos.

Neste curso 2022-2023, este departamento desenvolverá a súa actividade formativa co alumnado de 1ºESO e 2ºESO pero nesta programación reflectiremos só o 2º curso, xa que 1º da ESO terán unha programación dacordo coa LOMLOE.

Finalmente, como sinalaremos máis polo miúdo no apartado de metodoloxía, queremos sinalar que dependendo dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas en cada nivel, e baseándonos nos principios constructivistas verbo da educación, partiremos dos seus

coñecementos para construír os novos. Tamén aplicaremos na nosa intervención educativa principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA) e incluiremos a gamificación como recurso metodolóxico e didáctico.

Adentrámonos, pois, no desenvolvemento dos distintos apartados da programación sinalados no índice comenzando pola contribución da nosa materia ao logro das competencias básicas.

## **2. *CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BASICAS.***

---

As competencias básicas son aquelas que “*sustentan a realización persoal, a inclusión social e a cidadanía activa*”. Neste documento reflexionamos sobre o que aporta a Ensinanza Relixiosa Evanxélica (ERE) a cada unha das competencias básicas que sinalamos a continuación:

### ***1. Competencia en comunicación lingüística.***

No que se refire a acadar dunha mellora na competencia lingüística, a ERE fará a súa propia aportación no que se refire ó traballo específico con textos.

Este traballo irá encamiñado na lectura propiamente dita, pero tamén na comprensión lectora, exposición oral, etc.

### ***2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia y tecnoloxía.***

A Ensinanza Relixiosa Evanxélica contribúe ao desenvolvemento por parte do alumnado de habilidades para ordenar cronoloxicamente e traballar secuencias, tanto da historia do pobo de Israel e da propia igrexa como de feitos concretos e da súa propia vida. O coñecemento da Biblia e a súa estrutura e a capacidade para buscar textos con distintos criterios implica tamén o logro de habilidades de ordenación e secuenciación polo alumnado.

Contribúe igualmente ao acercamento á ciencia dende una perspectiva cristiá, con vontade de coñecer o mundo creado por Deus e de participar de maneira activa no seu coidado.

Favorece tamén a aceptación e uso da tecnoloxía no coñecemento do entorno, no seu coidado e mellora e na relación entre persoas.

### ***3. Tratamento da información e competencia dixital.***

Entendemos a importancia fundamental das TIC na sociedade na que nos desenvolvemos, e o ensino en xeral non pode ser alleo a esta realidade. É máis, estase a facer un esforzo para a incorporación destas no ámbito educativo.

Dende a ERE, estableceremos canles de achegamento á información específica que nos compete. Guiaremos ó alumnado a unha exploración que parta deles mesmos.

#### **4. Competencia de aprender a aprender.**

A metacognición desenrolarase a partires das técnicas de estudo necesarias para a adquisición duns obxectivos propostos.

A metodoloxía -fundamentalmente participativa e activa- facilitará este aspecto.

A atención, a memoria, a experiencia, a síntese da información, a opinión, pero fundamentalmente o traballo en equipo (aínda que este sexa moi pequeno polas características específicas da ERE) facilitarán a adquisición desta competencia.

#### **5. Competencia social e cívica.**

Sen dúbida a ERE educa directamente en valores, sendo estes de inspiración cristiá, xa que promove que os alumnos coñezan a realidade social, o seu pasado histórico e os seus problemas, saiban vivir en sociedade e comprendan a realidade social do mundo no que viven. Ademais, a materia busca que os alumnos traballen a empatía, que sexan capaces de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros, saber convivir e facelo de forma comprometida cos valores universalmente aceptados.

Especialmente no bloque de ética cristiá incidiremos nesta competencia.

#### **6. Competencia sobre autonomía e iniciativa persoal.**

A Ensinanza Relixiosa Evanxélica promove que os alumnos saiban optar con criterio propio, saiban levar adiante as iniciativas necesarias para facerse responsables das propias opcións e adquiren a capacidade necesaria para enfrontarse aos problemas acadando cada vez máis cotas de autoxestión.

Ademais, esta materia busca que os alumnos adquiren valores como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo, e sexan capaces de transformar as ideas en actos, de xerar ideas novas e posúan as calidades da autonomía, autoestima, perseveranza,

responsabilidade, autocrítica, iniciativa e creatividade, ademais das habilidades sociais de respecto polas ideas dos demais, capacidade de diálogo e traballo cooperativo. Por último, os contidos desta materia subliñan a importancia de que os alumnos teñan confianza en si mesmos, espírito de superación e a asunción de riscos, e sexan capaces de ter un espírito emprendedor e unha san ambición persoal e profesional.

### **7. Conciencia e expresións culturais.**

A contribución a esta competencia inclúe aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, plástica, histórica, simbólica, valores e modos de vida impregnados de cristianismo dende a súa orixe e o seu desenrolo actual, como manifestación do feito relixioso. O alumno non so vai coñecer, senón que poderá comprender e asumir os valores que leva o coñecemento do feito relixioso na súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial.



### **3. FINS E OBXECTIVOS DA ESO.**

---

A finalidade da educación secundaria obrigatoria consiste en lograr que o alumnado adquira os elementos básicos da cultura, especialmente en aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar hábitos de estudo e de traballo; preparalo para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

A Ensinanza Relixiosa Evanxélica na Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- 1) Descubrir as principais ensinanzas bíblicas, aplicando diversos métodos de estudo, co obxectivo de elaborar conclusións persoais sobre a veracidade e relevancia de ditas ensinanzas.
- 2) Coñecer os principais feitos acontecidos na historia do pobo de Israel e as súas implicacións no plan salvífico de Deus.
- 3) Identificar a persoa de Xesús coma a máxima expresión da acción salvífica de Deus que demanda unha resposta de cada ser humano.
- 4) Coñecer as ensinanzas e obras de Xesús de Nazaret, valorando a influencia que tiveron nas persoas que se relacionaron con el.
- 5) Recoñecer e identificar os principais datos, feitos históricos e as súas consecuencias no devir do pobo cristián dende as súas orixes ata a Reforma relixiosa do século XVI.
- 6) Descubrir e valorar nas vidas transformadas de certos personaxes do Novo Testamento e na nova relación persoal que experimentan con Deus, qué significa ser cristián.
- 7) Apreciar a familia como parte importante do plan de Deus para o desenrolo integral de cada ser humano, tomando conciencia do seu papel dentro dela.
- 8) Desenrolar un espírito sensible, solidario e comprometido ante o humano.
- 9) Apreciar a creatividade artística do ser humano coma manifestación da súa semellanza coa capacidade creadora de Deus.

**10)** Valorar a diversidade cultural manifestando actitudes de tolerancia e respecto por outras culturas, sen renunciar a un xuízo crítico sobre as mesmas dende unha perspectiva bíblica.

**11)** Contrastar os valores éticos cristiáns cos valores predominantes na sociedade actual.

#### 4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

##### a) 2º ESO

O. <sup>1</sup>	B.C. <sup>2</sup>	C.A. <sup>3</sup>	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		C.C. <sup>4</sup>
					Principal
<b>ESO Segundo curso</b>					
1	1	1	1.1	Recoñece e memoriza textos bíblicos identificando as ensinanzas sobre o amor de Deus cara o home.	6
1	1	2	2.1	Realiza unha investigación bíblica sobre o plan de salvación e a obra de Cristo revelada a través de pasaxes específicos da Biblia.	4
1	1	2	2.2	Identifica e memoriza versículos clave, acerca do plan de salvación de Deus analizando o seu alcance a tódolos pobos da terra.	6
1	1	2	2.3	Extrae ensinanzas e conclusións relacionadas coa resurrección e ascensión de Cristo e relaciónaas coa ensinanza do apóstolo Pablo sobre este tema.	4
1	1	3	3.1	Identifica pasaxes paralelos sobre a resurrección e ascensión de Cristo, valorando a importancia de estes feitos para a vida do crente.	1
1	1	3	3.2	Identifica e lee pasaxes bíblicos que indican a obra do Espírito Santo (Paracleto) e o seu froito na vida do cristián.	1

1 Obxectivo Xeral

2 Bloque de Contido

3 Criterio de Avaliación

4 Competencias Clave, onde: 1. Comunicación lingüística. 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. 3. Competencia dixital. 4. Aprender a aprender. 5. Competencias sociais e cívicas. 6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. 7. Conciencia e expresións culturais.

O.	B.C.	C.A.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		C.C.
					Principal
1	1	4	4.1	Analiza e memoriza pasaxes claves das cartas de Pablo que resumen a xustificación pola graza a través da fe.	1
1	1	4	4.2	Usa rigor crítico e obxectividade no estudo bíblico.	4
1	1	4	4.3	Examina no Novo Testamento o concepto do Reino de Deus, a orixe da igrexa e a súa misión no mundo hoxe, resumindo as súas conclusións.	4
2	2	1	1.1	Identifica os personaxes clave na historia do pobo de Israel nesta etapa da súa historia e ubícaos na liña do tempo.	4
2	2	1	1.2	Extrae información de fontes bíblicas e extrabíblicas sobre a historia do pobo de Israel ata a morte de Moisés e sinala os feitos e personaxes máis relevantes.	3
2	2	1	1.3	Explica adecuadamente o significado da Pascua identificando o seu simbolismo e establecendo relacións coa obra de Cristo.	1
2	2	1	1.4	Explica e enumera os Dez mandamentos e a importancia do día de reposo na vida do cristián.	1
2	2	1	1.5	Identifica eventos relixiosos, sociais e culturais de Israel na antigüidade.	4
2	2	2	2.1	Comprende o principio de tipoloxía bíblica identificando diferentes exemplos relacionados co tema de salvación.	4
2	2	2	2.2	Analiza e reflexiona debatendo en clase o propósito e funcións da lei.	6
2	2	2	2.3	Aprecia no libro dos Hebreos a relación entre a lei e a obra superior de Xesús.	1
3	3	1	1.1	Lee textos bíblicos onde Xesús fala co Pai, ensínoa sobre a súa relación con ÉL, analizando as ensinanzas máis importantes que identifica.	1
3	3	1	1.2	Contrasta os diversos textos nos que Xesús se atopa con diferentes persoas resumindo as actitudes que Xesús demostrou cara eles.	6
3	3	1	1.3	Analiza e expón a súa opinión con respecto ós encontros que tivo Xesús con diferentes persoas: relixiosos, necesitados,	6

O.	B.C.	C.A.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		C.C.
					Principal
				autoridades e discípulos, etc.	
3	3	1	1.4	Aprecia o ofrecemento de amizade persoal que fai Xesús a cada ser humano, explicando qué significa esa amizade na súa experiencia persoal.	6
4	3	2	2.1	Analiza as características que identifican a un discípulo de Xesús e debate as implicacións persoais que ten ser discípulo de Xesús na actualidade.	6
4	3	2	2.2	Traballa de maneira guiada e grupal, a búsqueda de información dos encontros de Xesús con diferentes persoas.	4
4	3	2	2.3	Entende a importancia de que cada persoa cultive a súa relación persoal con Deus, analizando a relación de Xesús con Deus Padre.	6
4	3	2	2.4	Distingue e sinala en textos bíblicos a importancia da lectura da Biblia e a oración como os medios que Deus proveu para ter unha relación con el, xustificando no grupo a selección dos textos.	1
5	4	1	1.1	Explica e describe o desenrolo do cristianismo baixo os gobernos de varios emperadores romanos (Nerón, Domiciano, Adriano, Galerio e Diocleciano) consultando diversas fontes.	6
5	4	1	1.2	Sitúa cronoloxicamente os feitos e personaxes máis importantes da idade apostólica da Igrexa.	4
5	4	1	1.3	Mostra sensibilidade e é capaz de establecer conexións entre o contexto histórico da Igrexa dos primeiros séculos e a persecución dos cristiáns hoxe en día.	5
5	4	2	2.1	Analiza a importancia histórica do edicto de Milán situándoo no seu contexto histórico e xeográfico.	6
5	4	2	2.2	Investiga sobre a importancia do Concilio de Nicea e o edicto de Tesalónica na historia da Igrexa expoñendo as súas conclusións persoais de forma oral ou escrita.	6
5	4	3	3.1	Identifica e localiza no tempo e o espazo as primeiras controversias, percibindo as implicacións de estes acontecementos.	4
5	4	3	3.2	Utiliza a súa iniciativa persoal para deseñar e elaborar, con medios informáticos, esquemas sobre a expansión do	6

O.	B.C.	C.A.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		C.C.
					Principal
				cristianismo nesta etapa.	
5	4	4	4.1	Analiza e resume as consecuencias sociais e históricas da proclamación do cristianismo como relixión oficial do estado.	6
11	4	4	4.2	Mostra tolerancia, respecto e valoración crítica de formas de vida, crenzas, sociedades, culturas e etapas históricas distintas á propia, dende unha perspectiva bíblica e histórica.	5
3	4	4	4.3	Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación, onde se reflexa o papel da oración e a perseveranza na vida cristián.	3
3	5	1	1.1	Define o concepto bíblico do pecado e identifica as consecuencias que trouxo para o ser humano, na súa relación con Deus, con outras persoas e coa natureza.	1
3	5	1	1.2	Sinala e comenta a importancia do relato do libro de Xénese acerca da creación do home a imaxe de Deus e o seu posterior deterioro.	6
3	5	1	1.3	Debate sobre os efectos da ruptura da comunión con Deus na natureza humana e na imaxe de Deus no home.	1
8	5	1	1.4	Analiza a realidade humana xeral a través dos medios informativos, identificando as situacións problemáticas máis importantes e expoñendo en clase as súas conclusións persoais.	3
8	5	2	2.1	Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se exprese o interese de Deus por cada persoa e a súa restauración.	6
8	5	2	2.2	Utiliza información bíblica para dar resposta a realidades da persoa tales coma a culpa, ansiedade, soidade, e crises de identidade.	5
8	5	2	2.3	Crea e comparte textos, videoclips, cortos, para describir a necesidade espiritual do ser humano de relacionarse con Deus.	3
8	6	1	1.1	Demostra mediante exemplos de diversas fontes, o amor ó próximo e o servizo na vida do cristián.	5
8	6	1	1.2	Identifica as necesidades básicas (biolóxicas, psicolóxicas, sociais ou espirituais) de persoas do seu entorno cercano e	5

O.	B.C.	C.A.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		C.C.
					Principal
				enumera maneiras de alivialas e axudar.	
8	6	1	1.3	Analiza a través da prensa a marxinação, o racismo e a integración ou falta dela e debate sobre estes temas.	1
8	6	1	1.4	Compara e explica o respecto e convivencia fronte ó desprezo e a violencia.	5
8	6	1	1.5	Valora a súa importancia no grupo de clase e a labor que desenrola.	5
8	6	2	2.1	Desenrola en grupo un proxecto de coidado do medio ambiente manifestando actitudes de solidarizade e compromiso.	5
8	6	2	2.2	Debate en clase sobre a responsabilidade fronte a distintos problemas sociais.	5
8	6	2	2.3	Toma conciencia da necesidade de mostrar solidarizade cos demais seres humanos en diferentes situacións: exclusión social, catástrofes, etc.	5
8	6	2	2.4	Identifica inxustizas humanas contemporáneas ubicadas no seu entorno propoñendo alternativas bíblicas de denuncia e/ou solución.	5
8	6	2	2.5	Interesase por unha entidade que manifesta actitudes de solidarizade e compromiso e participa nalgún proxecto colectivo solidario.	5
11	6	3	3.1	Utiliza diferentes fontes (libros, artigos de revistas ou xornais, entrevistas, cuestionarios, programas de radio ou televisión, películas, anuncios publicitarios), e identifica a solidarizade e o consumismo, contrastándoos cos valores éticos cristiáns.	5
11	6	3	3.2	Da solucións creativas a situacións de cooperación e conflito entre diferentes colectivos o grupos.	6
11	6	3	3.3	Investiga sobre a base bíblica do valor e a dignidade do traballo, expoñendo as súas conclusións en clase.	3
11	6	3	3.4	Investiga sobre a visión bíblica dos Dereitos Humanos, especialmente nas ensinanzas de Xesús.	3

## **5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.**

---

De acordo co concepto vixente de currículo, a definición de obxectivos, competencias clave, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis debe completarse coa referencia ás orientacións de metodoloxía didáctica, entendendo por tal o proceso polo que os anteriores chegan a alcanzarse.

Os principios metodolóxicos que se seguirán na nosa área veranse próximos á concepción constructivista verbo da educación. Algúns dos principios que consideramos básicos son os seguintes:

- Partir do nivel do alumno, das súas posibilidades de razoamento e aprendizaxe que as súas capacidades lle dan.
- Asegura-la construción de aprendizaxes significativos. Intentar construír, educativamente falando, sobre a base que o alumno xa ten.
- Posibilitar o aprendizaxe dos alumnos e alumnas por si mesmos, que o alumno ou alumna sexa capaz de aprender a aprender.
- Partir do máis concreto para chegar ó máis lonxano.
- Interactuar dunha maneira libre e o máis amizosa posible có mestre, de maneira que este sexa quen de dirixir á persoa ó aprendizaxe.



Para que todo isto se leve a bo termo; plantexaremos unha metodoloxía que requira en todo momento a participación activa do rapaz ou rapaza, tentando reducir as leccións maxistras nas diferentes Unidades Didácticas ó imprescindible utilizando a gamificación como recurso.

Tamén nos identificamos con teorías pedagóxicas emerxentes como é o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) que pon de manifesto que non hay categorías estacas de alumnado onde uns precisan adaptacións e outros non. Utilizaremos unha metodoloxía que valga para calquera alumno facilitando medios para cumprir os obxectivos que valgan para todos, é dicir, que sexan universais.

Deste xeito, o profesor convértese nun facilitador de experiencias ao alumnado nas que, ademais de suscitar os contidos e actitudes que se pretende ensinar, diseña situacións que poñen en contacto aos seus alumnos e alumnas con personaxes bíblicos e con situacións ricas nas que poñer en práctica os principios do cristianismo evanxélico. Ten tamén unha función mediadora aportando no proceso de ensino e aprendizaxe os recursos e medios necesarios para a interpretación os feitos, ideas, principios, datos ou valores, e constitúese en guía, aportando unha visión bíblica dos mesmos e modelos de aplicación práctica en situacións cotiás.

En canto ao alumnado, preténsese que sexa activo. Proporemos múltiples situacións coa procura de participación. É prioritaria a súa capacitación no coñecemento e o manexo da Biblia pois ha de remitirse a esta ao longo de todo a súa aprendizaxe como fonte básica para a comprensión do modo en que Deus se achegou ao ser humano. Esta capacitación para a investigación bíblica se complementarase co uso de fontes extrabíblicas, en ocasións coincidentes con outras materias que tamén estuda (literarias, históricas, documentais) como garantía da complementariedade do Ensino de Relixión Evanxélica co resto do currículo e a súa achega á formación integral.

Ter en conta a aprendizaxe nesta idade implica tomar en consideración os seus propios intereses e as súas características evolutivas á hora de suscitar distintas situacións de aprendizaxe. É por iso que seremos facilitadores dunha cada vez maior autonomía do alumnado e

unha progresión dende o coñecemento inmediato cara a maiores cotas de abstracción. Potenciaremos tamén -á medida que se avanza na etapa- situacións cunha cada vez maior dose de confrontación e exercicio crítico. Todo isto levarase a cabo nun clima de liberdade de elección e convivencia plural.

O Ensino de Relixión Evanxélica suscítase simultaneamente como un espazo de aprendizaxe da convivencia, tanto nos grupos de idade que se constitúen para impartila, como no conxunto do centro e do grupo clase onde se convive con outros compañeiros e outras opcións. Para iso o docente planifica tarefas dinámicas de aprendizaxe con flexibilidade para adaptarse aos diferentes situacións persoais e/ou grupais.

Inclúiranse no proceso de ensino e aprendizaxe distintos materiais, impresos, dixitais ou doutro tipo, que se incorporan como medios para estimular o estudo da Biblia, moitos deles elaborados polo propio mestre.

## 6. **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

---

O único libro de texto que utilizarán os rapaces, e que tamén servirá coma guía do mestre será a Biblia que o propio alumno ou alumna teña na súa casa non importando, en principio, a versión se esta é fiel ós manuscritos orixinais.

O mestre recomendará a lectura de determinados libros e/ou fragmentos axeitados para unha maior comprensión do explicado na aula.

Utilizaranse os materiais que o mestre determina axeitados para o desenvolvemento de cada unha das unidades didácticas pertencentes a diferentes editoriais do campo evanxélico, católico e/ou secular.

<b>CENTRO</b>	<b>MESTRE</b>	<b>ALUMNO</b>
Aula Mobiliario Medios Audiovisuais Materiais de papelería Pizarra Ordenadores	Fichas das unidades didácticas Biblia Vídeos sobre historias bíblicas Dicionarios e infografías bíblicas Libros de lectura relacionados coa biblia Calquera outro material que poda ser utilizado con fins didácticos	Biblia Caderno ou folios Materiais para escribir e traballos manuais Medios telemáticos

## 7. **CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

---

### a) 2º ESO

<b>SEGUNDO CURSO SECUNDARIA 2ºESO</b> Relixión Evanxélica	
Contidos	Criterios de Avaliación
<b>Bloque 1. A Biblia e o seu estudo</b>	
Liñas directrices do mensaxe bíblico A relación de Deus co ser humano. A desobediencia do home e o plan de salvación. A obra redentora de Cristo. A presenza e a obra do Espírito Santo no cristián. A xustificación pola fe. O reino de Deus e a Igrexa.	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Identificar as principais ensinanzas da Biblia sobre Deus e a súa relación co ser humano.</li><li>2. Explicar o plan de salvación e a obra de Cristo comprendendo a importancia da resurrección.</li><li>3. Identificar e estudar textos bíblicos a ascensión de Cristo, e a obra do Espírito Santo.</li><li>4. Analizar a base bíblica da xustificación por fe, o reino de Deus e a Igrexa.</li></ol>

<b>Bloque 2. A historia da salvación: de Adán a Xesús Cristo</b>	
<p>O pobo de Israel en Exipto.</p> <p>O significado da Pascua.</p> <p>Éxodo do pobo de Israel e os anos no deserto.</p> <p>Moisés e o pacto de Deus co seu pobo.</p> <p>A lei: Normas éticas, civís, cerimoniais.</p> <p>A lei e o evanxeo.</p>	<p>1. Obter información sobre os principais feitos acaecidos ó pobo de Israel dende o período dos Patriarcas ata a chegada a Terra Prometida, elaborando a información recollida (táboas, gráficos, resumos).</p> <p>2. Sacar conclusións acerca das implicacións que teñen os principais feitos da historia antiga e tipos de leis do pobo de Israel no plan de Deus para a salvación da humanidade, á luz de textos do Antigo e Novo Testamento.</p>
<b>Bloque 3. Vida e ministerio de Xesús</b>	
<p>As relacións de Xesús:</p> <p>Co pobo: relixiosos, necesitados e autoridades.</p> <p>Co Pai.</p> <p>Cos discípulos.</p> <p>Con nós.</p>	<p>1. Analizar en textos do evanxeo as relacións de Xesús co Pai, os discípulos, diversas persoas do pobo e con nos, e comunicando os seus achados ó resto da clase.</p> <p>2. Sacar conclusións acerca de qué significa e qué implicacións persoais ten ser discípulo de Xesús Cristo, mediante o estudo, individual e grupal, de diversos textos dos Evanxeos que relatan encontros de Xesús con diferentes persoas.</p>

<b>Bloque 4. Historia do cristianismo: dende as seus orixes ata a Reforma do século XVI</b>	
<p>A época das persecucións.</p> <p>A Igrexa no Baixo Imperio Romano.</p> <p>Da concesión da liberdade á proclamación do cristianismo como relixión oficial do estado.</p>	<p>1. Obter información concreta e relevante sobre feitos delimitados, utilizando diferentes fontes.</p> <p>2 Identificar e situar cronolóxica e xeograficamente os principais feitos históricos no devir do pobo cristián dende o período neotestamentario ata o Concilio de Nicea, analizando as consecuencias dos mesmos.</p> <p>3. Desenvolar a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo da historia da Igrexa dende a etapa no Baixo Imperio Romano, ata o inicio da Idade Media.</p> <p>4. Participar en diálogos e debates sobre diversos temas, manifestando actitudes de tolerancia e respecto ata outras culturas e formas de pensar, sen renunciar a un xuízo crítico dende unha perspectiva bíblica.</p>
<b>Bloque 5. Ser cristiá: un xeito de vida</b>	
<p>A separación entre Deus e o home.</p> <p>As consecuencias da caída.</p> <p>A esperanza de restauración.</p>	<p>1. Identificar, analizar e resumir os textos bíblicos clave que expresan as consecuencias do pecado na relación con Deus, con nos mesmos e con outras persoas.</p>

## Bloque 6. Ética cristiá

O respecto e amor ó próximo.

O coidado da creación.

A responsabilidade social.

A importancia do traballo.

1. Comprender a perspectiva bíblica sobre o respecto e amor ó próximo, o coidado da creación, a responsabilidade social e a importancia do traballo.

2. Participar activamente nalgún proxecto colectivo (na familia, o centro escolar, o barrio, o pobo o a cidade onde vive) que contribúa a cubrir as necesidades básicas (biolóxicas, psicolóxicas, sociais ou espirituais) de persoas do seu entorno cercano, manifestando actitudes de solidarizade e compromiso.

3. Utilizando informacións de diversas fontes, identificar os valores predominantes na sociedade actual respecto a diversas situacións, problemas e dilemas éticos contemporáneos, contrastándoos cos valores éticos cristiáns.

**c) Como contidos mínimos veremos se finalmente o alumnado...**

**2º Curso ESO.**

- É consciente da importancia da salvación na historia da humanidade.
- Coñece formas para amar máis a Deus.
- Fala da súa fe.
- Reflexiona sobre as consecuencias dos seus actos.
- Valora a situación de liberdade relixiosa na que vivimos e que non existe noutros países.
- Coñece as características dun verdadeiro cristián.
- Recoñece a importancia do esforzo persoal e do compromiso.
- Coñece as características da primeira Igrexa.
- Coñece a historia de Reforma. Coñece a figura de Lutero.
- Coñece o exemplo do apóstol Pablo.
- Coñece distintas parábolas narradas no Novo Testamento.
- Sabe as características da verdadeira amizade.
- Rexeita todo tipo de actitudes e comportamentos que promovan a denigración, exclusión ou conduzan á violencia cós semellantes.



## **8. SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.**

---

Reflectimos o **peso porcentual** de cada un dos elementos que conformarán a avaliación:

Traballo das distintas tarefas realizadas no aula : **30%**

Media diferentes traballos e/ou exames: **70%**

O alumno deberá obter unha nota numérica de 5 sobre 10 para ter aprobada a materia.

### **Recuperación durante o curso.**

No caso de non superar unha avaliación, darase a posibilidade de recuperación da materia mediante a presentación dos traballos e/ou exames que se establezan.

## **9. PLAN DE CONTINXENCIA. EDUCACIÓN A DISTANCIA OU SEMIPRESENCIAL.**

---

Trala situación vivida no curso pasado por mor da pandemia do Covid-19 que obrigou ós centros educativos a realizar as clases de xeito telemática e a distancia, vémonos na obriga de presentar un plan de continxencia no caso de que se repita a situación, tanto si é un caso de confinamento total ou de xeito semipresencial, para tentar solventar tódalas eventualidades posibles nesta non desexada situación de emerxencia sanitaria, social e educativa. Para tal efecto, o departamento propón o seguinte plan:

### **Metodoloxía:**

Reformar o noso método metodolóxico empregado, ofrecendo un modelo case exclusivamente a distancia de ensinanza. Para levar a cabo esta tarefa, utilizaremos os canles oficiais e trataremos de contactar co alumnado sempre que nos sexa posible. A metodoloxía empregada segue tendo como obxectivo tratar de estimular a motivación do alumnado, potenciar a súa autoestima, a súa autonomía e a comunicación coas familias, así como conseguir que o alumnado logre aproveitar da mellor maneira esta metodoloxía non presencial. Do mesmo xeito, trataremos de asegurarnos de que tódolos alumnos teñan as mesmas oportunidades e facilidades a hora de acceder os contidos, levando un seguimento de cada alumno e adaptando a metodoloxía segundo as circunstancias o esixan.

### **Materiais e recursos didácticos:**

Utilizaremos exclusivamente todo recurso telemático que nos sexa posible, utilizando os primeiros días de clase para familiarizarnos, presentar e comprobar o nivel de manexo en ditos recursos. Os recursos e materiais que empregaremos, debido á natureza online e a distancia, serán o aula virtual, E-Dixgal, a web do centro, os e-mails e plataformas coma o Drive, os cales serán utilizados para facer chegar o alumnado as indicacións pertinentes. No caso de atopar con alumnos desconectados ou con dificultades para acceder ós contidos, utilizarase calquera outro medio de comunicación que se considere pertinente, coma o contacto centro alumno ou mensaxes persoais mediante apps coma o whatsapp.

**Actividades:**

Coas actividades tratarase de reforzar os estándares de aprendizaxe e de consolidar as competencias básicas esenciais para superar o curso. A tipoloxía será variada dependendo do nivel do alumnado e de cada circunstancia concreta. Fundamentalmente, para chegar o nivel requirido, as actividades e tarefas serán eminentemente prácticas, de xeito que cada alumno sexa capaz de traballar de xeito autónomo e, de ser o caso, que o alumnado que non alcanzase os estándares requiridos poda chegar a adquirilos e ter a posibilidade de recuperación e promoción.

**Criterios de avaliación:**

Os criterios de avaliación serán adaptados dependendo da circunstancia na que nos atopemos, e sempre segundo as directrices que a comunidade educativa propoña, como aconteceu no curso 19-20. De tódolos xeitos, durante o primeiro trimestre incorporaranse os criterios que non puideron ser impartidos no curso anterior, e que veñen recollidas nos informes elaborados a finais do curso pasado. Os criterios a efectos numéricos serán os mesmos que os recollidos na presente programación, obviando a porcentaxe dos traballos feitos no aula no caso dun posible confinamento. Respectarase en todo momento a circunstancia persoal do alumno, sempre tendo en conta os medios que teña dispoñibles e facilitando unha avaliación xusta de xeito que alcance os criterios mínimos esixidos.

## 10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRACTICA DOCENTE.

---

<b>Indicador</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
Utilización das TIC	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Cumprimento do proxecto lector	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Porcentaxe de aprobados	50% - 60%	60% - 70%	70% - 85%	85% - 100%
Realización de actividades en parella, grupo, etc.	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Emprego de recursos variados na práctica docente	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Tratamento de temas transversais	Non se trataron os temas transversais	Tratáronse algúns dos temas establecidos	Tratáronse a maioría dos temas establecidos	Tratáronse todos os temas establecidos
Cumprimento da temporalización	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades

## ***11. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.***

---

No caso de que a materia non fose superada na avaliación final haberá un seguimento trimestral de materias pendentes. Esta poderá ser recuperada nas condicións seguintes:

1. O alumno, con materias pendentes, que realice satisfactoriamente os traballos ou probas marcados polo departamento superará a materia.
2. O alumno que supere as avaliacións do curso actual terá superada a materia pendente por ser ésta unha materia con contidos progresivos.
3. Aqueles alumnos que polos criterios anteriores non superen a pendente terán a posibilidade de asistir ás probas finais nas datas establecidas polo centro.

Finalmente, se un alumno aproba a materia do curso actual, aínda que suspendera a pendente, superará esta.

## **12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A TOMAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.**

---

Durante o primeiro mes de curso procederase a unha avaliación inicial xeral para a que se utilizarán algúns destes instrumentos:

- Informes individualizados do curso anterior.
- Cuestionarios escritos iniciais.
- Cuestionarios orais breves ao comezo de cada clase.
- Exame superficial do traballo no caderno individual.
- Mediante gamificación.

Recolleranse datos sobre os seguintes indicadores:

- Capacidade de comprensión utilizando contidos vellos.
- Capacidade de memorización comprensiva e interiorización de contidos novos.
- Capacidade xeral de comunicación.

Todos estes datos compararanse cos recollidos polo resto do profesorado na sesión de avaliación inicial. Discriminaranse entón que elementos do proceso de ensino-aprendizaxe están mediatizados polas actitudes e cales responden a situacións determinadas a respecto das áreas lingüística e socio-cultural de cada alumno/a.

### **13. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.**

---

Os alumnos teñen diversas capacidades, unha diversa formación, uns intereses diversos, unha diversa motivación e unhas necesidades diversas. A atención á diversidade, logo, suscítase de tres modos basicamente: mediante a chamada “optatividade”, mediante a denominada “diversidade curricular” e mediante as designadas “adaptacións curriculares individuais”.

Este último mecanismo se contempla na programación específica de cada área, de maneira que se chegue a encaixar o proceso de ensino-aprendizaxe adecuándoo á diversidade de capacidades, formación, intereses, motivación e necesidades do alumnado.

A escola debe ofrecer a cada alumno a axuda pedagóxica que necesite, adaptando a intervención educativa á individualidade destes. Seguiremos os principios do Deseño Univesal de Aprendizaxe (DUA) para todo o alumnado, pero en caso do alumnado con diversidade funcional que presente necesidades educativas especiais (ACNEE) ou o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) que non adquira os obxectivos, programaremos actividades especificamente dirixidas para eles para reforzar os contidos desenvolvidos na unidade ou tema traballado.

#### ***14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS E PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.***

---

Os elementos transversais que se introducirán ao longo de toda a etapa da educación secundaria obrigatoria na materia de Relixión Evanxélica comprenden a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento, a educación cívica e constitucional.

Traballaremos a prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, así como outras situacións de risco (explotación e abuso sexual, mala utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación) e potenciaremos aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a cooperación e o sentido crítico.

O desenvolvemento dos valores cristiáns que fomentan de xeito fundamental o amor, o respecto, a cooperación, a igualdade, a liberdade, a xustiza e a paz son axentes de primeira orde neste apartado.



## **15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.**

---

O uso das TIC estarán presentes de dous xeitos fundamentais:

### **Emprego das TIC como recurso didáctico.**

Utilizaremos para o desenvolvemento da nosa actividade docente e, concretamente, na exposición de varios temas as TIC como recurso didáctico e de gamificación.

Será especialmente utilizado este recurso no apartado da xeografía bíblica e na referencia a distintos lugares que se citarán nas distintas unidades didácticas.

### **Utilización de internet.**

Este recurso será utilizado para visualizar páxinas propostas polo mestre para completar, reforzar e/ou ampliar os coñecementos adquiridos na aula.

Faremos principal fincapé na discriminación de información.

## **16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN A PLAN DE CONVIVENCIA.**

---

A Ensinanza Relixiosa Evanxélica ven sendo dende hai décadas no noso país un instrumento para a formación integral do alumnado que elixe dita materia, considerando a visión integral da persoa.

Esta materia está especialmente preocupada pola formación para a práctica das ensinanzas adquiridas no entorno educativo e na vida en xeral. Existe unha relación entre o aprendizaxe das diferentes unidades didácticas e a educación en valores, aprender a ser e aprender a convivir, baseámonos en educar para a paz e a convivencia, fomentando a resolución pacífica de conflitos que en definitiva van rodear a vida do alumnado. Pretendemos, por medio da ensinanza bíblica, adquirir e fomentar esas estratexias.

Creemos que existe unha fonda preocupación social polo deterioro das relacións e dos valores en xeral, por iso procuramos que o proceso de ensino-aprendizaxe teña en conta todos os aspectos que podemos incluír por medio do noso currículo para lograr o desenvolvemento da intelixencia emocional na toma de decisións.

Por outra banda, un obxectivo fundamental é a interacción entre culturas, que traballaremos de xeito transversal e troncal. Por medio da ensinanza evanxélica queremos aportar claves ao alumnado para abordar a difícil tarefa de convivir pacífica, solidaria e equitativamente.

Cabe destacar finalmente, que o feito de que a ensinanza relixiosa evanxélica sexa unha asignatura máis nos centros educativos fai que a diversidade protestante do noso país se sinta moito menos excluída do que historicamente ven sendo. Aínda existen certos prexuízos, pero o feito de estar presentes converte este aspecto diferencial nalgo normalizado. Nos centros coma este onde se recoñece unha realidade minoritaria pero cun percorrido histórico suliñable, estanse dando pasos de cara a unha interculturalidade real de xeito moi práctico e efectivo.

## 17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

---

A nosa área baséase fundamentalmente no estudo e análise de textos (bíblicos e históricos fundamentalmente). Se ben isto non se fai de xeito exclusivo, e certo que conta cun peso moi importante neste eido. Poderíamos dicir que á área en si mesma fomenta a lectura.

Falando agora de xeito específico sobre este tema, a nosa área súmase tratamento do fomento da lectura propoñendo ó alumnado a lectura de varios fragmentos e recomendando a lectura de libros completos que teñen unha relación directa coa materia que nos ocupa, especialmente no que se refire á historia do Protestantismo en España e no noso país.

Algúns dos libros ós que nos referimos son os seguintes:

- Alcalá, Xavier. (2004). *Entre Fronteiras*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Alcalá, Xavier. (2005). *Nas Catacumbas*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Alcalá, Xavier (2007). *Unha Falsa Luz*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Delives, Miguel (1998). *El Hereje*. Barcelona: Destino.
- Gago Otero, Marcos (2007). *En los Campos de Galicia*. Marín: IEM.
- González Raposo, Benito (1999). *O Protestantismo en Galicia*. Vigo: Xerais.
- Sierra Bernardino, Evangelina (2018). *Galicia Insumisa*. Viladecavalls: Clie.

Por outra banda, empezaremos todas as clases e tódolos grupos da nosa materia con 5 minutos de lectura dunha breve historia para cada día dos libros do Dr. Jaime Fernández Garrido que citamos a continuación:

- Fernández Garrido, Jaime (2007). *Atrévete a vivir*. Santiago de Compostela: RGM.
- Fernández Garrido, Jaime (2004). *Cambia de ritmo*. Miami: Vida.
- Fernández Garrido, Jaime (1999). *Con la música a otra parte*. Barcelona: Clie.

## **18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

---

No momento da elaboración desta programación non propoñemos ningunha actividade extraescolar e/ou complementaria, xa que non sabemos neste intre as actividades específicas referentes á nosa materia que se programarán na contorna que poden ser de interese para o proceso de ensino-aprendizaxe. De producirse algunha, faremos as xestións oportunas no seu momento para desenvolver a actividade dacordo coas instrucións do centro.